

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE XUÑO DE 2017

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e seis de xuño de dous mil dezasete, reúnenos os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e catro minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Non adscritas/o:** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D. Víctor López Mateo.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

Non asiste D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez (Grupo do PP).

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

### 1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE MAIO DE 2017.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 29 de maio de 2017.

### PARTE RESOLUTIVA

### 2. ESCRITO DE MEMBROS DA CORPORACIÓN DE ABANDONO DO GRUPO MUNICIPAL AO QUE PERTENCÍAN. DECISIÓNS QUE PROCEDAN.

Di o seguinte o escrito presentado:

***“MARÍA PILAR LÓPEZ MARTÍNEZ con DNI número 34263166C, ALICIA CADARSO PALAU con DNI número 33221734M, MARÍA XOSÉ VEGA BUJÁN con DNI número 34249123F e VÍCTOR LÓPEZ MATEO con DNI número 34266856F***

***COMUNICAMOS formalmente que deixamos de pertencer ao Grupo político polo que nos presentamos ás eleccións municipais de xuño de 2015 e en consecuencia deixamos de pertencer ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego do Concello de Monforte de Lemos.***

*O que se comunica para os efectos legais pertinentes.*

*Expresamos tamén a nosa vontade de actuar na práctica de xeito conxunto aínda que legalmente non poidamos ser Grupo Municipal.- Monforte de Lemos, 21 de xuño de 2017-Asdo: Pilar López.- Asdo: Alicia Cadarso Palau- Asdo: María Xosé Vega.- Asdo: Víctor López Mateo”.*

Segundo o tratado na Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos,

**PRIMEIRO.-** O Pleno municipal queda informado de que como resultado de dito escrito –e de escrito posterior dos mesmos e doutro do Concelleiro que permanece no Grupo do BNG-, tendo en conta o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modifícase o previsto no Pleno organizativo do inicio do mandato sobre os Grupos municipais, quedando substituído o que alí figura sobre o Grupo do BNG, polo seguinte:

**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.-**

**Integrante:** D.Emilio José Sánchez Iglesias.

**Portavoz:** D.Emilio José Sánchez Iglesias.

**NON ADSCRITAS/O A GRUPO.-**

Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D. Víctor López Mateo.

**Representante:** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, substituíble por calquera outras/o.

**SEGUNDO.-**

- A) **O Pleno municipal acorda por unanimidade** manter o número de once membros nas Comisións Informativas existentes e substituír aos tres membros nelas do Grupo do BNG por un membro de dito Grupo e por dous membros non adscritos a Grupo.
- B) O Pleno municipal queda informado tras escrito das/do non adscritas/o e a circunstancia de ter agora un só membro o Grupo do BNG, de que as Comisións informativas no que respecta a este Grupo e ás/ó non adscritas/o, quedan integradas do seguinte modo:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA E COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS:

**Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.-** D.Emilio José Sánchez Iglesias.

**Non adscritas/o.-** Titulares: Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau. Suplentes: Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D. Víctor López Mateo.

COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS:

**Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.-** D.Emilio José Sánchez Iglesias.

**Non adscritas/o.-** Titulares: Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau. Suplentes: Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D. Víctor López Mateo.

COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMENTO E CONTROL DOS ACORDOS PLENARIOS APROBADOS:

**Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.-** D.Emilio José Sánchez Iglesias.

**Non adscritas/o.-** Titulares: Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau. Suplentes: Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D. Víctor López Mateo.

Neste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Do Sr. Alcalde, que di a orde de intervencións a partir de agora no Pleno: non adscritos, Esperta Monforte, PP, BNG, PSOE. Le o escrito presentado –corrixindo a data das eleccións: maio de 2015- e dá conta doutros escritos de quen abandonan o Grupo do BNG e do escrito de quen se mantén en dito Grupo.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que manifesta a súa disconformidade, di que o Secretario dixo que había tres posibles alternativas para as intervencións. En que lei figura que os non adscritos deben intervir en primeiro lugar? Na Comisión informativa falouse de que houberse consenso. Requiero a intervención do Secretario. (O Sr. Alcalde di que segundo a lei, iso procede cando o Presidente da sesión ten dúbidas e non é o caso, débense manter os resultados electorais). (Que lei?, pregunta Dna. Pilar López). (Xa está, di o Sr. Alcalde).

(O Sr. Secretario pide a palabra para dicir que do que se tratou na Comisión Informativa, hai que votar o referido ás Comisións Informativas).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que debe haber consenso para as intervencións. Non temos regulamento orgánico, non hai consenso e a situación corporativa mudou. Debería someterse a votación.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que na Comisión informativa o Secretario dixo que non había unha lei sobre isto, que de non haber consenso, estaba a posibilidade de que decidise a Alcaldía. Recoñeza que fai uso desa potestade.

Do Sr. Alcalde, que di que na reunión previa sobre isto, non estaba o PP; si estaba o BNG, que quere manter os seus dereitos.

### **3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 23/2017: SUPLEMENTOS DE CRÉDITO PARA O FINANCIAMENTO DE OBRIGAS PENDENTES (CONTA 413).**

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“De conformidade co disposto na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira as EELL poderán destinar o superávit do exercicio 2015:

*Regras especiais para o destino do superávit orzamentario.*

*1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:*

*a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*

*b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.*

2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamentos, ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.

**c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financieramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financieramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.**

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.»

Visto que para o exercicio 2016 con respecto ó anterior se establece o seguinte:

*Disposición adicional octoxésima segunda LPXE 2016*

*En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ó ano 2015 prorrógase para 2016 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional decimosesta do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. Os efectos do*

*apartado 5 da última disposición citada as referencias ós anos 2014 e 2015, deberán entenderse a 2016 e 2017, respectivamente.*

Visto que no proxecto da LPE para 2017 (D.A. 92), se prevén prorrogar estas medidas mediante a seguinte disposición:

**PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO:**

*Disposición adicional nonagésima segunda. Destino del superávit de las entidades locales correspondiente a 2016.*

*En relación con el destino del superávit presupuestario de las entidades locales correspondiente al año 2016 se prorroga para 2017 la aplicación de las reglas contenidas en la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, para lo que se deberá tener en cuenta la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

*A los efectos del apartado 5 de la última disposición citada las referencias a los años 2014 y 2015, deberán entenderse a 2017 y 2018, respectivamente.*

Visto que a data de aprobación prevista da LPE é o día 26 de xuño ou os inmediatos seguintes, propónse a presente modificación ós efectos de non demorar máis do necesario a posibilidade de recoñecer obrigas pendentes, e evitar perxuizos a provedores do Concello.

Tendo en conta que de acordo co informe de Intervención se cumpren os requisitos recollidos na DA Sexta da LOEPSF no seu punto primeiro: A liquidación consolidada do exercicio 2016 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC95, cumpre co límite de endebedamento, pero incumple o límite da regra de gasto do orzamento da propia entidade e do seu organismo autónomo. Ademais cumpre co PMP tanto a 30/12/16 como no primeiro trimestre de 2017.

Tendo en conta que na conta 413 constan pendentes de aplicar ó orzamento as seguintes débedas:

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE
S/FRA. NÚM: 16/10000918 FECHA: 20/12/2016 RECAUDACION PRINCIPAL: 17% S/ 35.712,18.PERÍODO NOVIEMBRE DE 2016.		10.291,01
S/FRA. NÚM: 4 FECHA: 31/08/2016 COLABORACIÓN NA XESTION TRIBUTARIA E RECADADORA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS REFERIDO Á XESTION CATASTRAL DO IMPUESTO SOBRE BENS INMOBLES.		16.187,13
S/FRA. NÚM: 16/10000662 FECHA: 31/08/2016 RECAUDACION PRINCIPAL: 17% S/ 38.296,00.PERÍODO AGOSTO DE 2016.	B96067400 -	10.450,06
S/FRA. NÚM: 16/10000689 FECHA: 30/09/2016 FACTURA QUE SE FORMULA EN VIRTUDE DE PREGO DE CONDICIONS POLO QUE SE RIXE O CONTRATO DE COLABORACION NA XESTION TRIBUTARIA E RECADATORIA DO CONCELLO DE MONFORTE	SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	34.687,91
S/FRA. NÚM: 16/10000757 FECHA: 18/10/2016 FACTURA QUE SE FORMULA EN VIRTUDE DE PREGO DE CONDICIONS POLO QUE SE RIXE O CONTRATO DE COLABORACION NA XESTION TRIBUTARIA E RECADATORIA DO CONCELLO DE MONFORTE		12.726,10
S/FRA. NÚM: 16/10000840 FECHA: 21/11/2016 FACTURA QUE SE FORMULA EN VIRTUDE DE PREGO DE CONDICIONS POLO QUE SE RIXE O CONTRATO DE COLABORACION NA XESTION TRIBUTARIA E RECADATORIA DO CONCELLO DE MONFOR		7.457,67

S/FRA. NÚM: 16/10000724 FECHA: 30/09/2016 RECAUDACION PRINCIPAL: 17% S/ 36.353,42. PERÍODO SEPTIEMBRE DE 2016.		9.327,12
S/FRA. NÚM: 16/10000851 FECHA: 30/11/2016 RECAUDACION PRINCIPAL: 17% S/ 34.908,66. PERÍODO OCTUBRE DE 2016.		10.852,35
	TOTAL	111.979,35

Para proceder ó recoñecemento e liquidación desta obrigas considérase pertinente tramitar unha modificación de crédito con cargo ó remanente líquido de tesourería da liquidación de 2016, dado que se trata dun gasto específico e determinado que non pode ser demorado a exercicios posteriores e que o crédito consignado nas partidas ás que imputar o gasto no orzamento vixente resulta insuficiente para o recoñecemento das obrigas.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e catro abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 23/2017 por importe de **111.979,35 €** na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio 2016, en cumprimento da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, condicionado a que coa aprobación da LPE 2017 se aprrobe a prórroga das medidas previstas na citada D.A. Sexta, de acordo co seguinte:

APLICACIÓN GASTOS	DESCRICIÓN	IMPORTE A FINANCIAR
931.227.08	SALDO CONTA 413 31/12/2016. Facturas pendentes de SdCI	111.979,35

APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	TOTAL
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	111.979,35

**SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que mostra o seu rexeitamento á decisión sobre a orde das intervencións. Sobre este punto da orde do día: na anterior sesión o Plan Económico Financeiro prevía indispoñibilidade de crédito e o primeiro agora é suplementar créditos. A abstención deste Grupo é por ser facturas de caixón, que hai que pagar.

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Pilar López que cando non se fai uso da palabra, non hai dereito a segunda quenda. Á portavoz do PP, dille que a súa intervención non ten nada que ver con isto. Segundo dixo a Interventora, isto é máis facturación por ter habido máis altas para o Catastro. Non son facturas de caixón, que son as que se pagan de máis voluntariamente.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que lamenta que o Alcalde xa non se deixase falar. Mesmo cunha posición favorable, non nos deixa falar. Se non falo na primeira quenda, na miña segunda quenda, en que lei está que non podo intervir se non o fixen na primeira? Somos conscientes de que é máis facturación polas altas catastrais.

Do Sr. Alcalde, que di que dicir que non a deixei falar, menos mal que hai testemuñas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que a conta 413 son facturas de caixón. Sobre o incremento da recadación executiva, co que non se contaba, ou houbo máis inspección ou un mellor resultado. É unha reflexión.

#### **4. CESIÓN DO INMOBLE DA AVENIDA DE GALICIA, Nº 77, PARA COMISARÍA DE POLICÍA.**

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Recíbuse escrito da Comisaría de Policía de Monforte de Lemos, nos seguintes termos:

*“Por orden de la Superioridad y a través de esta Comisaría Local se solicita a V.I., haga las gestiones necesarias, si fuera posible, para la cesión por parte del Ayuntamiento, del inmueble, sito en la Avda. Galicia, s/n, utilizado antiguamente como Centro de Salud, para la construcción de la nueva Comisaría del Cuerpo Nacional de Policía en la Ciudad de Monforte de Lemos por reunir los requisitos necesarios por su ubicación y características”.*

O inmoble ao que se refire ese escrito foi devolto ao Concello pola Xunta de Galicia en documento asinado o 23 de decembro de 2015 pola Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio e esta Alcaldía, tras cesar no uso sanitario ao que estaba destinado. A Xunta de Galicia recibírao á súa vez do Estado, a quen lle fora cedido anteriormente polo Concello.

Se se quere cedelo agora ao Estado para que o destine a Comisaría de Policía, será necesario cumprir co previsto no artigo 110.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, que di o seguinte:

*“En todo caso, la cesión gratuita de los bienes requerirá acuerdo adoptado con el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación, previa instrucción del expediente con arreglo a estos requisitos:*

*a) Justificación documental por la propia Entidad o Institución solicitante de su carácter público y Memoria demostrativa de que los fines que persigue han de redundar de manera evidente y positiva en beneficio de los habitantes del término municipal.*

*b) Certificación del Registro de la Propiedad acreditativa de que los bienes se hallan debidamente inscritos en concepto de patrimoniales de la Entidad local.*

*c) Certificación del Secretario de la Corporación en la que conste que los bienes figuran en el inventario aprobado por la Corporación con la antedicha calificación jurídica.*

*d) Informe del Interventor de fondos en el que pruebe no haber deuda pendiente de liquidación con cargo al presupuesto municipal.*

*e) Dictamen suscrito por técnico que asevere que los bienes no se hallan comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma o adaptación, no son necesarios para la Entidad local ni es previsible que lo sean en los diez años inmediatos.*

*f) Información pública por plazo no inferior a quince días.”*

En tanto se sustancia o expediente que esixe a norma transcrita, considerándose conveniente que a Corporación municipal mostre a súa vontade ao respecto, propúxose un acordo que quedou pendente na sesión do Pleno municipal do 14 de febreiro de 2017.

A razón diso e a nova perspectiva do asunto, quedan reflectidas no informe de Secretaría do 19/06/2017 do seguinte modo:

“O asunto quedou sobre a mesa, para tratar de dilucidar os termos nos que o seu día foi cedido ao Concello o terreo no que se asenta o edificio da proposta transcrita.

A través da Notaría de Monforte de Lemos de D. Pedro-Antonio Luna Vega, xa que non constaba no arquivo municipal, obtívose a escritura notarial formalizada en Monforte de Lemos o 30 de maio de 1959, ante o Notario D. Antonio Bascón Martínez de Campos, para a que compareceron D. Juan López Suárez e o entón Alcalde do Concello de Monforte de Lemos, D. Guillermo Fernández Otero. Nas estipulacións de dita escritura figura a doazón do soar segregado na actual Avenida de Galicia, 77, para a edificación do proxectado Instituto de Hixiene, quedando condicionada á súa adscrición ao fin indicado.

Hai tamén na escritura o compromiso do Concello de non edificar no Campo da Compañía, referido a un prazo de cincuenta anos, que venceu en 2009.

No que respecta ao fin sanitario para o que se establecía e se condicionaba a doazón, debe terse en conta o previsto no artigo 13 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, que di o seguinte: *“Si los bienes se hubieren adquirido bajo condición o modalidad de su afectación permanente a determinados destinos, se entenderá cumplida y consumada cuando durante treinta años hubieren servido al mismo y aunque luego dejaren de estarlo por circunstancias sobrevenidas de interés público.”* O artigo 12 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Decreto de 27 de mayo de 1955, que foi derogado polo novo Regulamento de 1986, e que estaba en vigor na data da escritura, tiña un artigo 12º cun texto similar, que dicía o seguinte: *“Si los bienes se hubieren adquirido bajo condición o modalidad de su afectación permanente a determinados destinos, se entenderá cumplida y consumada cuando durante treinta años hubieren servido al mismo y dejaren de estarlo por circunstancias sobrevenidas de interés público.”*

Sen entrar noutras consideracións, alleas a quen subscribe, dende o punto de vista xurídico e no que respecta á influencia da escritura de doazón de 1959 no acordo que quedou sobre a mesa no Pleno do 14 de febreiro de 2017, dita escritura non obstaría á adopción do acordo, se se considera que durante trinta anos como mínimo se cumpriu coa finalidade e que esta cesou e/ou cesará por circunstancias sobrevidas de interese público.”

Hai proposta da Alcaldía de someter novamente o asunto ao Pleno, *“por canto tanto o uso sanitario no que cesou a Xunta de Galicia despois de máis de trinta anos do mesmo, como o novo destino que se propón, responden a circunstancias sobrevidas de interese público.”*

O Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

#### ACORDO

Por considerar que durante trinta anos como mínimo se cumpriu coa finalidade da doazón coa que se adquiriu o ben e que esta cesou e/ou cesará por circunstancias sobrevidas de interese público:



PRIMEIRO.- Trasladar ao Ministerio do Interior-Dirección Xeral da Policía, a través da Comisaría Local de Monforte de Lemos que tramitou a solicitude para o efecto, o compromiso e a vontade municipal de ceder gratuitamente para destinalo a Comisaría do Corpo Nacional de Policía en Monforte de Lemos, o inmovible sito na Avda. de Galicia, nº 77, de Monforte de Lemos, con referencia catastral 2487011PH2028N0001FG, o que será debidamente formalizado unha vez se cumpra co que esixe a normativa legal para a efectividade da transmisión.

SEGUNDO.- Comunicar ao propio tempo que se proceda á reversión ao Concello do cedido anteriormente para a mesma finalidade na rúa Duquesa de Alba, 13, de Monforte de Lemos (acordo do Pleno municipal do 15/03/2010, Resolución da “Gerencia de Infraestructuras y Equipamiento de la Seguridad del Estado” do 29/03/2010 e acta de entrega do 07/05/2010).”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que van estar a favor. Trátase do edificio de Sanidade, antiga Casa de Socorro. En 2015, volveu para o Concello e agora vaise debater se se cede para Comisaría de Policía. O da cesión para Sanidade, durante moito tempo así foi. O de non construír en 50 anos na Compañía, está cumprido. Nun Pleno anterior quedou sobre a mesa pola advertencia do PP sobre o destino do inmovible. O informe de Secretaría di que é posible, imos votar a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que vai obviar o legal xa dito. O que lle acaba de facer a Pilar sobre a segunda quenda, comigo xa o fixo. O Secretario informoume de que non hai ningunha lei que o impida. O edificio é moi grande para a dotación de policía que temos. Hai necesidade de máis policía.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que desculpa a asistencia de D.Emilio Iván por razóns persoais. Isto xa se trouxo ao Pleno. Nós puxemos sobre a mesa a doazón do Dr. López Suárez e puidemos comprobar que era para uso sanitario. As cousas hai que facelas así, con rigor e de maneira reflexiva. O informe do Secretario di que no ámbito administrativo non hai problema; no civil, parece que tampouco. Este Grupo está a favor.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que os seus saídos son os dun humilde concelleiro que hai dous anos prometeu servir a este Concello. Examinados o expediente e os escritos, o noso Grupo está a favor desta cesión; debe estar implícito que se a finalidade desaparece, volverá reverter ao Concello.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que menos mal que hai testemuñas, porque deu a palabra na segunda quenda a Dna. Pilar López. Mire o ROF: alí está aclarado sen máis. Agradezo o apoio, tras algunha dúbida sobre a posibilidade de ceder este inmovible. No seu día, era un soar que foi cedido, e acabou volvendo ao Concello. É necesario un sitio digno para a Comisaría, non o era Roberto Baamonde nin onde está agora. Este edificio, antiga Casa de Socorro, ten segundo eles as condicións idóneas: edificio exento, con aparcamento, con boa comunicación de saída. Segundo o que dixo a portavoz de Esperta Monforte, que se cubran as prazas vacantes, son 12. Ao portavoz do BNG: este edificio revertería, igual que se fala da revisión do inmovible de Duquesa. É un acordo de declaración de intencións, terá que volver ao Pleno, pero é posible avanzar no proxecto.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que tamén están a favor porque xa o anterior Alcalde llo ensinara ao anterior Comisario.

## 5. DENOMINACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS: RÚA MONTEPANDO, CAMIÑO DA VIÑA VELLA, RÚA MANUEL ANTONIO.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“O Pleno municipal, en sesión celebrada o 30 de xuño de 2014, acordou *“denominar como “Camiño dos Paxariños” a vía pública que sae do Camiño de Montepando e chega ata a parroquia de Gullade na estrada de Castro Caldelas”*.”

Resolvíase así un expediente levado a cabo para evitar confusión coa bifurcación que existía no camiño ou rúa de Montepando, optándose pola nova denominación indicada para o que se considerou, nun informe da Policía Local do 12 de marzo de 2014, como menos posible que fose en realidade Montepando.

Andando o tempo, un grupo de veciños presentou no Concello o 15 de decembro de 2016, un escrito segundo o cal o novo Camiño dos Paxariños é en realidade a rúa Montepando e que este nome deixouse para o coñecido como Camiño Balboa.

Convocouse pola Alcaldía aos veciños do lugar a unha xuntanza que tivo lugar o 25 de abril de 2017 no Salón de Plenos da Casa do Concello, asistindo un número representativo deles. Nesa xuntanza, estableceuse que houbo unha confusión no expediente de 2014 xa que a rúa Montepando segue polo que entón se denominou Camiño dos Paxariños. Para o que se mantivo en 2014 como Montepando dende a bifurcación que se produce, viuse que o nome axeitado é o de Camiño da Viña Vella.

O problema é que noutro lugar da cidade, hai unha denominada rúa Viña Vella na prolongación da rúa Manuel Antonio, polo que habería que denominar rúa Manuel Antonio a todo o percorrido para poder poñer o nome de Viña Vella noutro lugar, pois o Instituto Nacional de Estatística non vai aceptar que se repita ese nome, aínda que fose unha vez como rúa e outra como camiño.

En consecuencia de todo o anterior, o Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

### ACORDO

PRIMEIRO.- Denominar como “RÚA MANUEL ANTONIO” a todo o percorrido resultante das actuais rúas Manuel Antonio e Viña Vella, desaparecendo esta denominación para unha rúa.

SEGUNDO.- Denominar como “RÚA MONTEPANDO” a que vai dende o inicio da actual Montepando e segue pola que se acordou denominar Camiño dos Paxariños en 2014, desaparecendo esta denominación de Camiño dos Paxariños.

TERCEIRO.- Denominar como “CAMIÑO DA VIÑA VELLA” o que en 2014 quedou como Montepando dende o lugar en que en 2014 se fixou o inicio do Camiño dos Paxariños, xa que será por onde se acordou dito nome por onde irá a Rúa Montepando.

CUARTO.- De acordo co artigo 9º da Ordenanza municipal reguladora da denominación e rotulación das vías públicas e da numeración de edificios, o expediente do presente acordo será exposto ao público por un prazo de vinte días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as alegacións, obxeccións ou reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Do Sr. Alcalde, que se refire á comunicación polo Secretario da xestión do Concelleiro de Servizos cos veciños da actual rúa Viña Vella.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que explica que a rúa Montepando foi modificada en 2014, e os veciños alegaron. A rúa que parte de onde está a cafetería A Fábrica, dende a metade é Viña Vella, trátase de que sexa toda Manuel Antonio. O Camiño de Montepando incluírá o dos Paxariños. Tamén falei con dous veciños, o voto é favorable.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que recibida de Secretaría a explicación sobre a xestión, a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que están a favor, trala xestión que se dixo na Comisión Informativa. No futuro, hai que ter en conta á veciñanza.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que o seu voto tamén é favorable, porque se así o queren os veciños, nós non imos levar a contraria. No próximo Pleno, faremos un rogo de actualización dos mapas, para que as rúas estean debidamente sinalizadas nos diversos servidores de internet.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que fixeron a xestión comprometida na Comisión Informativa. É un expediente que viña de 2014. Aínda había outro nome, Mártires de Carral, todo será Manuel Antonio. O anterior Paxariños será Montepando.

## **6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A ATENCIÓN A MULLERES CON ENDOMETRIOSE E A DIVULGACIÓN DESTA DOENZA.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

A endometriose é unha doenza inflamatoria estróxeno-dependente de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial (glándulas e estroma) fóra do útero. Na gran maioría dos casos no peritoneo pélvico e os ovarios pero que pode afectar calquera parte do corpo da muller. A extensión da doenza varía dende poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.

O tecido endometrial pode extenderse por ovario, peritoneo, ligamentos uterosacos e fondo de saco de Douglas, sendo menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a calquera órgano (pleura, meninxes, etc.). Na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais internos, como o intestino, frecuentemente recto e/ou sigma, a vexiga e os uréteres. Neutras ocasións o tecido endometrial ectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.

Adoita clasificarse a endometriose en 4 graos segundo o nivel de infiltración do tecido e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de embarazo.

Segundo os estudos a endometriose afecta ao 10% das mulleres en idade fértil. De se confirmar este dato en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por endometriose das cales o 15% teñen formas severas da doenza, o que suporía arredor das 9.000 mulleres.

A endometriose ademais de poder resultar incapacitante para a muller implica en moitos caso un grave problema de infertilidade.

O retraso do diagnóstico da doenza vén dado por dúas causas fundamentais:

1. O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por parte das mulleres.
2. A pouca atención que ata o momento o sistema sanitario prestou aos síntomas da endometriose, asociando falsamente a regra coa dor e normalizando un dos síntomas principais da doenza.

Por todo isto, o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, por sete votos a favor (Grupos Socialista e do BNG) e nove abstencións (Grupos do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

#### ACORDO

1. Instar por escrito, á EOXI de **LUGO, CERVO E MONFORTE DE LEMOS**, para que organice xornadas de formación sobre endometriose ás que poidan acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso concello (facultativos, enfermería, matronas...).
2. Instar por escrito á EOXI de **LUGO, CERVO E MONFORTE DE LEMOS**, para garantir suficientes consultas específicas de Endometriose para o número de afectadas da área nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.
3. Instar por escrito á EOXI de **LUGO, CERVO E MONFORTE DE LEMOS**, a creación dunha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, especialistas en dor etc para unha mellor atención dos casos máis graves de endometriose e a derivación destas pacientes a unidades multidisciplinarias doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.
4. Solicitar por escrito, á Consellería de Sanidade para que dea cumprimento á moción sobre endometriose que, por unanimidade, aprobaron todos os grupos políticos da cámara galega o 22 de abril de 2015, e que recollía, en gran medida, as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.
5. O Concello comprométese a colaborar coa Consellería e coa EOXI da provincia de Lugo nunha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso municipio para dar a coñecer a doenza e tratar de recortar, na medida do posible, o retraso diagnóstico a través da distribución dun díptico cuxos contidos serán solicitados polo concello a profesionais médicos especializados en endometrio.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, portavoz suplente do Grupo Socialista, que le a moción –con algunha explicación ou variante do texto- e os puntos do acordo que nela figura.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que quere facer fincapé nalgúns puntos. É unha doenza benigna, a súa malignidade é cando está estendida fóra do útero. A técnica cirúrxica é complicada, o cirurxián non só é xinecolóxico en actuacións compartidas. Son 9.000 mulleres en toda Galicia. Estamos nunha época de recortes nos servizos sanitarios. Temos que investir con fundamento e con cabeza. Atopo algúns erros. O primeiro é que parece que os xinecólogos non teñan formación en endometriose. Non ten cura, hai tratamentos que frean os efectos nocivos. Os xinecólogos están formados suficientemente. Quen deban talvez formarse son os de atención primaria. Se unha muller é derivada ao hospital con síntomas, en 15 días é atendida e diagnosticada no posible, é difícilísimo ás veces o diagnóstico. O segundo é o da unidade multidisciplinar. Non fai falta esa unidade. A paciente é atendida por xinecólogo, por radiólogo, pola unidade de dor se é preciso. Unha unidade específica, noutras patoloxías antes que nisto. Moitos casos de dismenorrea –dor menstrual- non son por endometriose. O terceiro é que se se aprobou polo Parlamento, a que vén aos concellos? Está pasando a nivel parlamentario o de non cumprir acordos. Para o número de mulleres afectadas, se precisan cirurxía, mellor unha unidade para toda Galicia; para asegurar experiencia, estas intervencións esixen xente experimentada.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é unha moción xenérica, que a min tamén se me fixo chegar. Eu tamén son profesional da sanidade, que ten gastado moito na defensa da sanidade pública. Boto a faltar moito criterio profesional. Estamos a falar dunha enfermidade benigna, o grao 4 é o máis malo; 9.000 é o total, non as que están nese grado. Sexan as que sexan, hai que atendelas e coidalas. A pílula anticonceptiva é eficaz, poucos casos hai de grao 4; para intervención cirúrxica, un quiste de máis de 6 cms; nese caso concreto, o equipo multidisciplinar. Non é o que di a moción. Pouco criterio sanitario é que outra enfermidade da muller non teña equipo multidisciplinar. Encantaríame votar a favor, pero voume abster, porque foi votada por maioría no Parlamento de Galicia: vese quen nos representan e a valoración que fan das mulleres. En Lugo, seguimos con hemodinámica só ata as tres da tarde. Non temos unidade multidisciplinar en dano cerebral, non a temos en toda Galicia, trasládase aos pacientes a Barcelona ou a Madrid. Temos lista de espera para iso, os de máis de 55 anos xa non se admiten. Cun retraso de tres meses, a rehabilitación non é eficaz. A abstención é por eses motivos.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que subscribe o que di a representante dos non adscritos e a portavoz de Esperta Monforte. Explicárono ben, cunha excepción: o acordo no Parlamento foi na Comisión 5ª por unanimidade, non por maioría. As medidas fóronse tomando ao longo de dous anos. Hai que estar informada para votar con rigor. Parece que se dá a entender unha carencia de formación dos nosos profesionais e non é así realmente. A formación é ben recibida, outra cousa é dar a entender que falta. Para a intervención cirúrxica en doenza máis agresiva, desviáronse á Coruña, no último ano, dúas pacientes. Non cremos que estea xustificada a unidade multidisciplinar do punto 3 do acordo. En canto á campaña informativa, hai que ser rigorosos, non somos quen de dicilo dende o Concello, podemos estar creando unha alarma sobre o que os profesionais poden detectar. No punto 1, todo o que sexa incrementar a formación, non está mal. Ímonos abster, conscientes do non fundamento dalgúns puntos da iniciativa.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que non vai el discutir con profesionais da sanidade. Xa hai acordo sobre os puntos da mocións; se se leva aos concellos, é que non se cumpriu. O noso voto é favorable, sempre que sexa para mellorar a calidade de vida. O que se precise facer, que na medida do posible se mellore.

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, que di que non quixo poñer en dúbida a formación dos profesionais. Fundamentalmente os de primaria, eu en primeiro lugar, en moitos casos non sabemos recoñecer esta enfermidade. A formación é para a primeira liña: enfermeiras, matronas, Centros de saúde. Se a área multidisciplinar non é posible, que se desvíe a unha. A información é axuda dende o Concello, pero fariase nos Centros de saúde. Sinto a abstención de Maribel, sempre a favor da sanidade pública, agradezo ao BNG, sinto o do PP, non sei o sentido do voto dos non adscritos.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que di que o razoan con sentidíño común. Somos absolutos defensores da sanidade pública, de investimentos suficientes. Porque entendemos que a moción está mal redactada e hai confusión no texto, ímonos abster. É unha enfermidade en principio benigna; maligna, se afecta a tecido fóra do útero. Do 15% de 60.000, saen 9.000 mulleres en toda Galicia. Se en Coruña, nunha unidade específica, atenderon dúas mulleres, non lle vemos a necesidade. Antes de montar unha unidade multidisciplinar aquí, hai outra anomalías que o necesitan máis. Ímonos abster: a redacción leva a confusión e non estamos de acordo con algunhas medidas.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di a Dna. Pilar Espinosa que non lamente a súa abstención. Nos temas sanitarios, son rigorosa. Teríame gustado outro enfoque do problema. Cando teñamos unidades multidisciplinarias noutras necesidades maiores, podería votalo, pero hai que ser rigorosos e gastar no de máis necesidade e servizo. A formación dos profesionais, por suposto. Os xinecólogos cos que falei, din que ata 9.000 lles parece moito. Lamento ter que absterme, pero a miña profesionalidade así me obriga.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que todos defendemos a sanidade pública. Reivindicamos a profesionalidade e a calidade dela. O dato é que afecta ao 10% das mulleres fértiles, e só o 15% desas tería o grao 4: é unha doenza minoritaria. Reivindicamos de novo a sanidade pública. Hai que seguir traballando para que siga mellorando. Dixo o BNG que a moción será porque o do Parlamento non se cumpriu; pois non. Coincidente na abstención por consideración positiva da formación pero non doutras cousas.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, que di que a Xunta, do acordo do Parlamento, non cumpriu coa formación.

## **7. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PP E DE ESPERTA MONFORTE E DE CATRO CONCELLEIRAS/O PARA A REPROBACIÓN DO ALCALDE SR.TOMÉ ROCA.**

(No debate conxunto desta moción e das tratadas por urxencia, auséntanse e reincorpóranse Dna. Marina Douton Rajo, Dna. Pilar Espinosa Novelle e Dna. Alicia Cadarso Palau).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto con mocións similares, acórdase o seguinte en votación separada para cada moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A palabra reprobación fai referencia, segundo a súa orixe etimolóxica, a *non aprobar*, é dicir, non obter unha cualificación satisfactoria, non acadar o nivel necesario para considerar que unha determinada proba teña sido superada con éxito. A reprobación política convértese así nunha crítica ou

desaprobación enérxica que alguén fai da conduta doutra persoa, como algo censurable que non se pode aprobar.

A reprobación do Alcalde que traen a este pleno os Grupos Municipais e Concelleiros abaixo asinantes é unha forma pública de expresar que non estamos de acordo coa súa conduta, nin coas decisións e actuacións levadas a cabo pola súa parte.

Os exemplos son numerosos ao longo destes dous anos de goberno do Sr. Tomé Roca:

1. Tenlle trasladado á Corporación para a súa aprobación unha proposta de acordo coa concesionaria Aqualia, que prexudicaba os intereses do Concello, ao recoñecer como investimentos, 700.000 € de obras que estaban no marco das obrigas da empresa.
2. Ten ignorado sistematicamente os acordos plenarios, nos que a Corporación, instaba ao Sr. Alcalde a cuantificar os prexuízos derivados dos incumprimentos da concesionaria Aqualia e a formular reclamación dos mesmos; e isto sendo esta unha cuestión de competencia plenaria.
3. Ten acometido obras -a costa dos recursos municipais-, que se atopaban no marco das obrigas da concesionaria Aqualia, -como a renovación do abastecemento da rúa Corredoira- sen que conste reclamación contenciosa polo seu importe.
4. Ten elevado propostas ao Pleno, que eran contrarias á legalidade, e prexudicaban os intereses municipais, como a que propuxo inicialmente, en relación ás parcelas do polígono do Reboredado.
5. O Alcalde ten amosado un comportamento ditatorial e prepotente coas portavoces dos grupos da oposición, que se manifesta na actitude persoal, pero tamén no anuncio sen pudor de que non dará cumprimento aos acordos plenarios, mesmo se son de competencia do Pleno da Corporación. Mesmo no rexeitamento da emisión de pronunciamento dos técnicos municipais no transcurso do pleno a petición dos grupos da oposición.
6. Non merece mellor valoración a súa xestión. A primeira anualidade orzamentaria que tivo ocasión de xestionar, a de 2016, excedeuse no gasto permitido en máis de 1.000.000 €, incumprindo a regra de gasto, e colocando o Concello en situación de desequilibrio que o obriga a aprobar un plan económico financeiro.
7. Esta actitude, de desdén cara aos intereses municipais, tense amosado de modo evidente, no que atinxe ás obras de reforma do baixo do Hotel Comercio, desoíndo absolutamente a advertencia feita polos grupos da oposición, pola Asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, e mesmo por multitude de veciños, que se amosaron en contra da súa reforma, a través dunha recollida de firmas na que participaron máis de 1000 persoas, e dunha concentración de 200 persoas, advertíndolle do grave prexuízo que ía ocasionar nun local emblemático e moi determinante para o Camiño de Inverno e por tanto, para toda a cidade.
8. O acontecido no último pleno, ao ter manifestado o Sr. Secretario municipal que “o usa demasiado” e que ten exercido presión sobre a emisión de informes -referíndose expresamente o da moción do PP sobre a modificación das bases de execución do orzamento-, deixa á vista o seu abuso de autoridade mesmo cos propios funcionarios e técnicos municipais.
9. Como consecuencia desa actitude prepotente, ten motivado un altercado co secretario municipal, impropio dun Alcalde.

Para o seu coñecemento, e para que non teña que solicitar información sobre os termos empregados nesta moción, detallamos dous que consideramos determinantes e que pode consultar no Dicionario da Real Academia Galega:

- PREPOTENTE: *Que abusa do seu poder ou fai alarde del.*
- REPROBAR: *Non aprobar, dar por malo.*

Está á vista que a súa actitude vén sendo a dun alcalde prepotente que non escoita a ninguén e actúa movido pola súa exclusiva vontade, mesmo en contra dos intereses municipais.

Tal comportamento, non podemos máis que rexeitalo e reprobalo. O que é motivo da presente moción.

Por todo o exposto anteriormente, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor (Grupos do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), seis votos en contra (Grupo Socialista) e unha abstención (Grupo do BNG), adopta o seguinte

#### ACORDO

REPROBAR AO ALCALDE D. JOSÉ TOMÉ ROCA, POLA SÚA ACTITUDE PREPOTENTE E CONTRARIA AOS INTERESES DO CONCELLO E DOS VECIÑOS DE MONFORTE.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que procede a ler a moción delas/del. Antes de ler os exemplos que figuran na moción, di que hoxe mesmo hai algún exemplo máis. No punto 5 deles, di que hoxe temos un botón de proba. Ao rematar a lectura, di que como lle quedan 19 segundos, aproveita para dicir que é unha proposta excepcional pero totalmente democrática.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que para poder facer uso da defensa individual da moción, tiveron que presentala por urxencia cada un dos suscribentes. Explico por que Esperta Monforte apoia a reprobación. Vou seguir sendo crítica co PP. É barato falar. O 27 de xullo de 2015, moción para a retirada da lei mordaza. Le da acta do Pleno do 28 de setembro de 2015 cousas relacionadas co galego. O 26 de outubro de 2015 hai unha proposta do noso Grupo sobre representación en órganos, tralo acordado en xullo dese ano. A proposta incluía que fose Esperta Monforte que estivese no Consello de Saúde. Houbo entón un regalo envelenado do PP para o Alcalde, que non ten feito nada, nin iniciativas nin reunións. Os membros da plataforma da sanidade pedíronlle que non apoiara o do PP e vostede erre que erre. Dixo nos medios que falaría o seu portavoz, a reprobación é para vostede, sexa valente. Tenme acusado de cambiar de opinión. O 30 de maio de 2016 non se aprobou a cesión proposta polo PP á Asociación do Camiño de Inverno, Esperta Monforte estivo en contra, sempre esiximos a xestión pública. Aí están os Pleno do 20 de setembro e do 2 de novembro de 2016.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que lle di á anterior interveniente que non se trata de que xustifique que coincida ou non co PP. Nós temos votado co Bloque, con Esperta Monforte e co Partido Socialista, sen posición sectaria. Trátase doutra cousa: tódolos Grupos da oposición –agás a circunstancia recente co BNG- estivemos de acordo en que algo había que facer para que o Alcalde reflexionara sobre os seus comportamentos. Cando o acordo con Aqualia, consideramos prexudicial recoñecer 700.000 euros como investimento, o propio Alcalde recoñeceu despois que o era. Hai moitos acordos plenarios sobre reclamacións a Aqualia. Por que hai dous contenciosos presentados por Aqualia e ningunha reclamación á empresa dende o Concello? Hai obras feitas con recursos municipais. Reclamouse a obra da rúa Corredoira, a empresa recorreu e aí está sen resolver. Hai



propostas sorprendentes, como a das parcelas do Polígono de Reboredo. Xa en 2014 avisamos sobre o non cumprimento de condicións. Hai cláusula de reversión e o Alcalde, consciente diso, tróuxonos unha autorización de venda. Á semana seguinte, tráese o contrario. Merecemos máis rigor pola categoría de Monforte. No de Aqualia xóganse moitos cartos. Polo baixo do Hotel Comercio non fixemos unha concentración caprichosa, consideramos bo o do Camiño de Inverno; un baixo de 116 m<sup>2</sup>. estase a repartir en despachos e corredores.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que se a oposición vai reprobado, débese contar con todos. Está dentro do funcionamento democrático. Pódese entrar en algo concreto. É certo que hai mocións ás que non se lle deu saída, é unha actuación política. Asuntos como o 1, 3, 5 e 7 dos exemplos da moción, son temas de goberno, pódenos gustar máis ou menos, reprobamos ao Alcalde ou ao equipo de goberno? Hai falta ás veces de tempero ou cintura, como no caso que sucedeu aquí no último Pleno. Está faltando diálogo, o que prexudica ao Concello. Dende aquí, temos a man tendida para dialogar. Hai que distinguir coincidir e confluír, non imos confluír con grupos antitéticos. Podemos aceptar algunhas cousas; o do Polígono de Reboredo despois foi retirado. Nós facilitamos os orzamentos; se somos coherentes, non está moi claro o de reprobado accións. O da falta de cintura ou a actitude do último Pleno é distinto. Na seguinte intervención, direi o sentido do voto.

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle dá as grazas ao BNG pola súa intervención, gratificante fronte ao outro que se escoitou. Señoritas propoñentes: é bochornoso, unha oposición de gardería ou de colexio. Onde están as iniciativas? Intentan ocultar os problemas propios, as censuradas son vostedes. Refírense ao Hotel Comercio como se fose o problema máis grave. Por que non se preocupan da gardería, do Porto Seco, da A-76, do AVE ou dos pasos a nivel? Teñen sorte de que os monfortinos non as corran a gorrazos. Con Severino, o alcalde anterior, Julia Rodríguez era unha mentirana, agora danse unha aperta. Bótanse aos brazos do Partido Popular. Non son capaces de recoñecer o feito polo albergue e en rúas, saneamento, iluminación, deportes, etc. Manipulan a realidade. No punto 1 dos exemplos, é mentira o de recoñecer obras a Aqualia; cando chegamos, pasaran 14 anos sen actuar; o investimento foi recoñecido no ano 2005 e seguintes; Dña. Julia Rodríguez mente en relación con Aqualia. No punto 2, nas mocións que non vinculan ao Alcalde, non hai incumprimento legal, é exercer as competencias. Foron incapaces de resolver o da auga na zona do Hospital. Sobre que haxa ilegalidades, poden opinar, pero non dicilo. Son os únicos responsables de que hoxe non haxa unha empresa no Polígono de Reboredo. No ano 2012 mostraron incompetencia sobre iso, meteron a cabeza baixo a ala. No punto 6, hai incumprimento por facturas pendentes, como as de Sogama ou as de recadación. No punto 7, hai que agradecer aos veciños que non responderan á convocatoria, foron 86 persoas, iso é o que vostedes representan.

De Dña. Pilar López Martínez, que lamenta que teña que marabillarnos o Sr. Torres coa súa oratoria. Isto é pola actitude do Alcalde. Somos coherentes cos 12 anos de goberno de Severino como alcalde, sempre con diálogo e consenso. Sempre cos intereses de Monforte por riba da organización política. Na rúa Corredoira, hai informe de que lle correspondía a Aqualia, de momento foi a conta do Concello. Non se trata de examinar os incumprimentos, son actitudes reiteradas que merecen reprobación. Dixo en Onda Cero que serán os cidadáns “quen me reproben”: mentres iso non chega, estamos nós para iso. O Alcalde dixo que non cumpriría determinado acordo plenario. É o primeiro alcalde en ser reprobado, algo estará facendo moi mal para chegar a isto.

De Dña. Maribel García Díaz, que di que Esperta Monforte votou en contra da modificación de créditos polas obras que se ían facer no Hotel Comercio. Somos os que máis contribuímos co Consorcio da Ribeira Sacra, estando o presidente en Sober e a xerente en Nogueira de Ramuín. Para o que pedían, estaba fóra de lugar usar o Hotel Comercio, sendo beneficioso o da promoción do Camiño de Inverno. Convoquen esas outras manifestacións e estaremos nelas, eu trouxen aquí o do estado do Polígono de

Reboredo e o do Porto Seco. O 5 de xullo de 2016 tivemos o titular en prensa de que outro proxecto, o de Pacadar, pasaba de longo en Monforte.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao BNG que se pode comprender a reprobación por algunha cuestión puntual e non por unha sucesión delas, non ten lóxica. Que nos corran a gorrazos, esa é unha das perlas que hai que oír. Temos unha Comisión de seguemento de acordos do Pleno, porque non se cumpren. Ata tres veces trouxemos o da muralla, a limpeza e a titularidade, o Partido Socialista tres veces votou en contra e agora si van limpar. Somos unha oposición de gardería ou temos un goberno de pandeireta? Que fixo o actual alcalde en 12 anos – 4 deles gobernando- sobre Aqualia? É vostede (polo Sr.Torres) o primeiro en chamarme mentirana. Parecerá ben que o baixo do Hotel Comercio se divida así (mostra un plano)? Este baixo debería estar a disposición do Camiño de Inverno. O exemplo tope foi a discusión co Sr.Secretario.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que os intereses de Monforte vense dende moitos puntos de vista, tamén dende o do BNG. Respecto á manifestación, o Alcalde non deu para atrás. Hai moitas cousas que ao mellor se deberían mirar máis profundamente. A posición do PP é tan cuestionable como a miña. Pódese actuar sen intereses comúns con grupos diverxentes. Reprobamos ao Alcalde, e mañá que? Mañá temos que seguir traballando ombro con ombro. Reprobamos por actitudes ou polo ton do portavoz do goberno? Non imos participar nunha precampaña electoral encuberta.

De D.Iban Torres Rodríguez, que pregunta que é iso de almacén e despachiño no baixo do Hotel Comercio. Vostede (por Dna.Julia Rodríguez) invitou aos alcaldes do PP da comarca e non apareceu ningún. Non houbo presión sobre ningún técnico municipal; algún día puido ser, agora non. De Dna. Pilar López, poucas leccións de ética; se fose consecuente, deixaría a acta de concelleira; é unha mala maneira de acabar unha traxectoria ata agora plausible. Cando os veciños digan, ao mellor hai sorpresa, sobre todo para vostedes. Dille á representante dos non adscritos, que xa está ben de xolda, aquí cúmprese a legalidade. Pode que os reprobados sexan quen presentan a moción. Deixe, Dna. Julia, de facer teatro e traballe por Monforte. Somos un equipo de goberno unido; se hai reprobación, sentímonos todos afectados. O odio non é bo, leva ao lado escuro.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non se debe descalificar esta iniciativa democrática, véxase por exemplo o que dixo Isabel Rodríguez no Congreso dos Deputados. Ten habido reprobacións en Málaga, en Alovera, en Alcantarilla ou en Collado-Villalba, e en Galicia, en Lugo, Noia, Vigo ou Ourense. Cando se califica isto de espectáculo vergonzoso, non hai a consideración debida a unha oposición que ten en conxunto máis votos que o goberno. Debería o Alcalde omitir os retrosos que dixo nos medios de comunicación. Cando el criticaba ao goberno anterior, tamén era así? Ou é que está por riba de todo. Teño que ser pesimista sobre a súa actitude: “estas señoras dan mostra de impotencia”. Non é bo isto para Monforte. Ten que haber a relación que fose razoable nas discrepancias, sen crispación, con convivencia. Non nos nomee como “esas señoras”. Hai que ter medida nas actitudes. Cando lle quita valor ao do Hotel Comercio, esquecese do seu Pacadar. Apelo ás formas, son moi importantes na política e na vida privada.

Do Sr. Alcalde, que di que el non interveu hoxe aquí. Así que non diga que dixen, menos mal que teño testemuñas. Vou respectar aos alcaldes anteriores, sexan do signo que sexan. Os votos do BNG representaos por lei o BNG.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di ao Alcalde que lle ten mostrado desprezo en moitas ocasións. O BNG regaloulle uns presupostos, non entendemos por que e para que. Non nos deixa estar nas mesas de contratación, di que non sabemos facer oposición. Tivo a ousadía nunha radio de identificar a uns cantos dos 88 que había na manifestación, iso di a súa catadura moral, vixilando ás persoas que protestaban, contabilizándoas. Con estas cousas hai que ter moito coidado. É grave a crítica

que fixo á docencia de Dna. Pilar López. É grave que en fronte tiven a desgraza de ver alí á súa persoa de confianza, sería porque quixo e non pola súa baixa catadura moral.

Do Sr. Alcalde, que di que menos mal que o que despreza é el. Vostedes, se adestran máis, van ás olimpíadas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao Sr. Torres que á manifestación do Hotel Comercio non convocou aos alcaldes da comarca. Un pouquiño de humildade, teñen 400 votos máis que o anterior goberno. Non sei por que isto é un enxendro e vostedes en Vilalba –o seu grupo alí- reprobaron a unha concelleira e ao Subdelegado do Goberno. Din que isto é un espectáculo e que a reprobación é para os propoñentes. De momento, nós representamos votantes e somos quen de dicirlle o que vemos en vostede. Subscribimos isto distintos grupos; sendo así, un exercicio de humildade si podería facer. O día antes da manifestación fomos falar con vostede. Cando remate as obras, verase que polo do Consorcio da Ribeira Sacra, só pasará o presidente en exercicio. Dous anos despois estamos abocados a esta moción, porque vostede non entendeu nada. “Sindicato de cabreados”: reflexione antes de insultar.

Do Sr. Alcalde, que lle di á anterior inteveniente que a humildade debe ser colectiva, tamén para ela. Eu vou seguir traballando. (Cronómetro, di a portavoz de Esperta Monforte). Eu non teño cronómetro.

(Vótanse por separado esta moción e as de urxencia)

### **MOCIÓNS DE URXENCIA.**

Segundo o previsto no art.91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír os asuntos que logo figuran.

#### **A) MOCIÓN DOS CONCELLEIROS MARÍA PILAR LÓPEZ MARTÍNEZ, ALICIA CADARSO PALAU, MARÍA XOSÉ VEGA BUJÁN E VÍCTOR LÓPEZ MATEO PARA A REPROBACIÓN DO ALCALDE SR.TOMÉ ROCA.**

Vista a moción e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto con mocións similares, acórdase o seguinte en votación separada para cada moción:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

A pesar de que o pasado día 19 presentamos os catro concelleiros aquí nomeados xunto cos partidos políticos Espertamonforte e Partido Popular unha moción conxunta (para facilitar a súa tramitación) de reprobación ao Sr. Alcalde pola súa actitude prepotente e contraria aos intereses do concello e dos veciños de Monforte, e expresamos na propia moción a nosa vontade de defender cada un dos grupos como parte propoñente da mesma, o Sr. Alcalde na comisión informativa do pasado xoves, día 22 de xuño, negounos a posibilidade de poder defendela individualmente, e por este motivo presentamos esta moción por vía de urxencia.

A palabra reprobación fai referencia, segundo a súa orixe etimolóxica, a non aprobar, é dicir, non obter unha cualificación satisfactoria, non acadar o nivel necesario para considerar que unha determinada proba teña sido superada con éxito. A reprobación política convértese así nunha crítica ou desaprobación enérxica que alguén fai da conduta doutra persoa, como algo censurable que non se pode aprobar.

A reprobación do Alcalde que traen a este pleno os Grupos Municipais e Concelleiros abaixo asinantes é unha forma pública de expresar que non estamos de acordo coa súa conduta, nin coas decisións e actuacións levadas a cabo pola súa parte.

Os exemplos son numerosos ao longo destes dous anos de goberno do Sr. Tomé Roca:

1. Tenlle trasladado á Corporación para a súa aprobación unha proposta de acordo coa concesionaria Aqualia, que prexudicaba os intereses do Concello, ao recoñecer como investimentos, 700.000 € de obras que estaban no marco das obrigas da empresa.
2. Ten ignorado sistematicamente os acordos plenarios, nos que a Corporación, instaba ao Sr. Alcalde a cuantificar os prexuízos derivados dos incumprimentos da concesionaria Aqualia e a formular reclamación dos mesmos; e isto sendo esta unha cuestión de competencia plenaria.
3. Ten acometido obras -a costa dos recursos municipais-, que se atopaban no marco das obrigas da concesionaria Aqualia, -como a renovación do abastecemento da rúa Corredoira- sen que conste reclamación contenciosa polo seu importe.
4. Ten elevado propostas ao Pleno, que eran contrarias á legalidade, e prexudicaban os intereses municipais, como a que propuxo inicialmente, en relación ás parcelas do polígono do Reboredo.
5. O Alcalde ten amosado un comportamento ditatorial e prepotente coas portavoces dos grupos da oposición, que se manifesta na actitude persoal, pero tamén no anuncio sen pudor de que non dará cumprimento aos acordos plenarios, mesmo se son de competencia do Pleno da Corporación. Mesmo no rexeitamento da emisión de pronunciamento dos técnicos municipais no transcurso do pleno a petición dos grupos da oposición.
6. Non merece mellor valoración a súa xestión. A primeira anualidade orzamentaria que tivo ocasión de xestionar, a de 2016, excedeuse no gasto permitido en máis de 1.000.000 €, incumprindo a regra de gasto, e colocando o Concello en situación de desequilibrio que o obriga a aprobar un plan económico financeiro.
7. Esta actitude, de desdén cara aos intereses municipais, tense amosado de modo evidente, no que atinxe ás obras de reforma do baixo do Hotel Comercio, desoíndo absolutamente a advertencia feita polos grupos da oposición, pola Asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, e mesmo por multitude de veciños, que se amosaron en contra da súa reforma, a través dunha recollida de firmas na que participaron máis de 1000 persoas, e dunha concentración de 200 persoas, advertíndolle do grave prexuízo que ía ocasionar nun local emblemático e moi determinante para o Camiño de Inverno e por tanto, para toda a cidade.
8. O acontecido no último pleno, ao ter manifestado o Sr. Secretario municipal que “o usa demasiado” e que ten exercido presión sobre a emisión de informes -referíndose expresamente o da moción do PP sobre a modificación das bases de execución do orzamento-, deixa á vista o seu abuso de autoridade mesmo cos propios funcionarios e técnicos municipais.
9. Como consecuencia desa actitude prepotente, ten motivado un altercado co secretario municipal, impropio dun Alcalde.

Para o seu coñecemento, e para que non teña que solicitar información sobre os termos empregados nesta moción, detallamos dous que consideramos determinantes e que pode consultar no Dicionario da Real Academia Galega:

- PREPOTENTE: *Que abusa do seu poder ou fai alarde del.*

- REPROBAR: *Non aprobar, dar por malo.*

Está á vista que a súa actitude vén sendo a dun alcalde prepotente que non escoita a ninguén e actúa movido pola súa exclusiva vontade, mesmo en contra dos intereses municipais.

Tal comportamento, non podemos máis que rexeitalo e reprobalo. O que é motivo da presente moción.

Por todo o exposto anteriormente, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor (Grupos do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), seis votos en contra (Grupo Socialista) e unha abstención (Grupo do BNG), adopta o seguinte

#### ACORDO

REPROBAR AO ALCALDE D. JOSÉ TOMÉ ROCA, POLA SÚA ACTITUDE PREPOTENTE E CONTRARIA AOS INTERESES DO CONCELLO E DOS VECIÑOS DE MONFORTE.”

#### **B) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA A REPROBACIÓN DO ALCALDE SR.TOMÉ ROCA.**

Vista a moción e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto con mocións similares, acórdase o seguinte en votación separada para cada moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

espertamonforte! querendo facer uso da defensa individual como propoñentes que somos desta moción vémonos na obriga, ante a negativa do Sr.Alcalde a deixarnos facelo, de presentar esta moción pola vía de urxencia.

A palabra reprobación fai referencia, segundo a súa orixe etimolóxica, a non aprobar, é dicir, non obter unha cualificación satisfactoria, non acadar o nivel necesario para considerar que unha determinada proba teña sido superada con éxito. A reprobación política convértese así nunha crítica ou desaprobación enérxica que alguén fai da conduta doutra persoa, como algo censurable que non se pode aprobar.

A reprobación do Alcalde que traen a este pleno os Grupos Municipais e Concelleiros abaixo asinantes é unha forma pública de expresar que non estamos de acordo coa súa conduta, nin coas decisións e actuacións levadas a cabo pola súa parte.

Os exemplos son numerosos ao longo destes dous anos de goberno do Sr. Tomé Roca:

1. Tenlle trasladado á Corporación para a súa aprobación unha proposta de acordo coa concesionaria Aqualia, que prexudicaba os intereses do Concello, ao recoñecer como investimentos, 700.000 € de obras que estaban no marco das obrigas da empresa.
2. Ten ignorado sistematicamente os acordos plenarios, nos que a Corporación, instaba ao Sr. Alcalde a cuantificar os prexuízos derivados dos incumprimentos da concesionaria Aqualia e a formular reclamación dos mesmos; e isto sendo esta unha cuestión de competencia plenaria.
3. Ten acometido obras -a costa dos recursos municipais-, que se atopaban no marco das obrigas da concesionaria Aqualia, -como a renovación do abastecemento da rúa Corredoira- sen que conste reclamación contenciosa polo seu importe.

4. Ten elevado propostas ao Pleno, que eran contrarias á legalidade, e prexudicaban os intereses municipais, como a que propuxo inicialmente, en relación ás parcelas do polígono do Reboredo.
5. O Alcalde ten amosado un comportamento ditatorial e prepotente coas portavoces dos grupos da oposición, que se manifesta na actitude persoal, pero tamén no anuncio sen pudor de que non dará cumprimento aos acordos plenarios, mesmo se son de competencia do Pleno da Corporación. Mesmo no rexeitamento da emisión de pronunciamento dos técnicos municipais no transcurso do pleno a petición dos grupos da oposición.
6. Non merece mellor valoración a súa xestión. A primeira anualidade orzamentaria que tivo ocasión de xestionar, a de 2016, excedeuse no gasto permitido en máis de 1.000.000 €, incumprindo a regra de gasto, e colocando o Concello en situación de desequilibrio que o obriga a aprobar un plan económico financeiro.
7. Esta actitude, de desdén cara aos intereses municipais, tense amosado de modo evidente, no que atinxe ás obras de reforma do baixo do Hotel Comercio, desoíndo absolutamente a advertencia feita polos grupos da oposición, pola Asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, e mesmo por multitude de veciños, que se amosaron en contra da súa reforma, a través dunha recollida de firmas na que participaron máis de 1000 persoas, e dunha concentración de 200 persoas, advertíndolle do grave prexuízo que ía ocasionar nun local emblemático e moi determinante para o Camiño de Inverno e por tanto, para toda a cidade.
8. O acontecido no último pleno, ao ter manifestado o Sr. Secretario municipal que “o usa demasiado” e que ten exercido presión sobre a emisión de informes -referíndose expresamente o da moción do PP sobre a modificación das bases de execución do orzamento-, deixa á vista o seu abuso de autoridade mesmo cos propios funcionarios e técnicos municipais.
9. Como consecuencia desa actitude prepotente, ten motivado un altercado co secretario municipal, impropio dun Alcalde.

Para o seu coñecemento, e para que non teña que solicitar información sobre os termos empregados nesta moción, detallamos dous que consideramos determinantes e que pode consultar no Dicionario da Real Academia Galega:

- PREPOTENTE: *Que abusa do seu poder ou fai alarde del.*
- REPROBAR: *Non aprobar, dar por malo.*

Está á vista que a súa actitude vén sendo a dun alcalde prepotente que non escoita a ninguén e actúa movido pola súa exclusiva vontade, mesmo en contra dos intereses municipais.

Tal comportamento, non podemos máis que rexeitalo e reprobalo. O que é motivo da presente moción.

Por todo o exposto anteriormente, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor (Grupos do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), seis votos en contra (Grupo Socialista) e unha abstención (Grupo do BNG), adopta o seguinte

#### ACORDO

A REPROBACIÓN DO ALCALDE D.JOSÉ TOMÉ ROCA, POLA SÚA ACTITUDE PREPOTENTE E CONTRARIA AOS INTERESES DO CONCELLO E DOS VECIÑOS DE MONFORTE.”

**C) MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A REPROBACIÓN DO ALCALDE, SR.TOMÉ ROCA.**

Vista a moción e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto con mocións similares, acórdase o seguinte en votación separada para cada moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A palabra reprobación fai referencia, segundo a súa orixe etimolóxica, a non aprobar, é dicir, non obter unha cualificación satisfactoria, non acadar o nivel necesario para considerar que unha determinada proba teña sido superada con éxito. A reprobación política convértese así nunha crítica ou desaprobación enérxica que alguén fai da conduta doutra persoa, como algo censurable que non se pode aprobar.

A reprobación do Alcalde que traen a este pleno os Grupos Municipais e Concelleiros abaixo asinantes é unha forma pública de expresar que non estamos de acordo coa súa conduta, nin coas decisións e actuacións levadas a cabo pola súa parte.

Os exemplos son numerosos ao longo destes dous anos de goberno do Sr. Tomé Roca:

1. Tenlle trasladado á Corporación para a súa aprobación unha proposta de acordo coa concesionaria Aqualia, que prexudicaba os intereses do Concello, ao recoñecer como investimentos, 700.000 € de obras que estaban no marco das obrigas da empresa.
2. Ten ignorado sistematicamente os acordos plenarios, nos que a Corporación, instaba ao Sr. Alcalde a cuantificar os prexuízos derivados dos incumprimentos da concesionaria Aqualia e a formular reclamación dos mesmos; e isto sendo esta unha cuestión de competencia plenaria.
3. Ten acometido obras -a costa dos recursos municipais-, que se atopaban no marco das obrigas da concesionaria Aqualia, -como a renovación do abastecemento da rúa Corredoira- sen que conste reclamación contenciosa polo seu importe.
4. Ten elevado propostas ao Pleno, que eran contrarias á legalidade, e prexudicaban os intereses municipais, como a que propuxo inicialmente, en relación ás parcelas do polígono do Reboredo.
5. O Alcalde ten amosado un comportamento ditatorial e prepotente coas portavoces dos grupos da oposición, que se manifesta na actitude persoal, pero tamén no anuncio sen pudor de que non dará cumprimento aos acordos plenarios, mesmo se son de competencia do Pleno da Corporación. Mesmo no rexeitamento da emisión de pronunciamento dos técnicos municipais no transcurso do pleno a petición dos grupos da oposición.
6. Non merece mellor valoración a súa xestión. A primeira anualidade orzamentaria que tivo ocasión de xestionar, a de 2016, excedeuse no gasto permitido en máis de 1.000.000 €, incumprindo a regra de gasto, e colocando o Concello en situación de desequilibrio que o obriga a aprobar un plan económico financeiro.

7. Esta actitude, de desdén cara aos intereses municipais, tense amosado de modo evidente, no que atinxe ás obras de reforma do baixo do Hotel Comercio, desoíndo absolutamente a advertencia feita polos grupos da oposición, pola Asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, e mesmo por multitude de veciños, que se amosaron en contra da súa reforma, a través dunha recollida de firmas na que participaron máis de 1000 persoas, e dunha concentración de 200 persoas, advertíndolle do grave prexuízo que ía ocasionar nun local emblemático e moi determinante para o Camiño de Inverno e por tanto, para toda a cidade.

8. O acontecido no último pleno, ao ter manifestado o Sr. Secretario municipal que “o usa demasiado” e que ten exercido presión sobre a emisión de informes -referíndose expresamente o da moción do PP sobre a modificación das bases de execución do orzamento-, deixa á vista o seu abuso de autoridade mesmo cos propios funcionarios e técnicos municipais.

9. Como consecuencia desa actitude prepotente, ten motivado un altercado co secretario municipal, impropio dun Alcalde.

10. O feito de vernos obrigados a presentar esta moción no nome do Grupo do Partido Popular, é consecuencia, e un exemplo máis desas actitude reprochable que caracteriza ao Sr. Tomé, ao pretender impedir que cada voceira defendera no Pleno a moción da que é propoñente, a pesares de que expresamente se solicita a defensa por cada un dos voceiros que suscriben a moción presentada de modo conxunto.

Unha mostra máis da súa actitude de bloqueo á labor da oposición a que temos dereito os grupos municipais.

11. Nestes días, o Sr. Tomé Roca, ten feito unha serie de manifestacións relativas a cuestións internas dos partidos que sustentan os distintos grupos, así como acusacións e descalificacións ás voceiras, particularmente a quen suscribe, recreándose inda máis, na actitude cizañenta e insultante, impropia dun alcalde, que motiva, entre outras cousas esta moción, o que nos leva a ratificarnos nela con maior empeño.

Para o seu coñecemento, e para que non teña que solicitar información sobre os termos empregados nesta moción, detallamos dous que consideramos determinantes e que pode consultar no Dicionario da Real Academia Galega:

- PREPOTENTE: Que abusa do seu poder ou fai alarde del.
- REPROBAR: Non aprobar, dar por malo.

Está á vista que a súa actitude vén sendo a dun alcalde prepotente que non escoita a ninguén e actúa movido pola súa exclusiva vontade, mesmo en contra dos intereses municipais.

Tal comportamento, non podemos máis que rexeitalo e reprobalo. O que é motivo da presente moción.

Por todo o exposto anteriormente, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor (Grupos do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), seis votos en contra (Grupo Socialista) e unha abstención (Grupo do BNG), adopta o seguinte

#### ACORDO

**REPROBAR AO ALCALDE D. JOSÉ TOMÉ ROCA, POLA SÚA ACTITUDE PREPOTENTE E CONTRARIA AOS INTERESES DO CONCELLO E DOS VECIÑOS DE MONFORTE.”**



## PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

### **8. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 23.05.2017 a 16.06.2017.**

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 23 de maio e o 16 de xuño de 2017.

### **9. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de 06.06.2017) QUE LEVANTA REPARO DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente da Resolución que foi adoptada con reparo e do informe de Intervención que o recolle.

### **10. ROGOS E PREGUNTAS.**

(Auséntase da sesión Dna. Gloria Prada Rodriguez).

#### **1º.- PREGUNTAS E ROGOS PRESENTADOS POR REXISTRO ELECTRÓNICO POLO GRUPO DO BNG O 25 DE XUÑO DE 2017, E POR ESCRITO AO COMEZO DA ANTERIOR SESIÓN.**

(Respecto aos primeiros, cita o Sr. Alcalde o artigo 31.2.b) da Lei 39/2015 e di que para o cómputo de prazos, cóntase dende a primeira hora do primeiro día hábil seguinte, salvo norma que diga outra cousa, que non é o caso de Monforte).

(Dna. Pilar López –portavoz do Grupo cando se presentaron os rogos e preguntas- di que non puxo problema para que se contestase hoxe. Procede a ler sucesivamente os diversos rogos e preguntas -na do contrato do servizo de axuda no fogar di que xa non é pertinente neste Pleno, porque xa foron abertos os sobres-. Están reflectidos na acta anterior. Aquí consta a concreción final de cada rogo ou pregunta).

- ROGO SOBRE O ESTADO DALGUNHAS RÚAS QUE PRESENTAN ABUNDANTE VEXETACIÓN.(...)

“(...) solicitamos que proceda á retirar esta vexetación dende o propio concello con medios propios ou dende a empresa adxudicataria do servizo de limpeza e recollida de lixo.”

(Reincorpórase á sesión Dna. Gloria Prada Rodriguez).

#### **Resposta do Sr. Alcalde:**

Por parte do Técnico de Medio Ambiente está avisada a empresa de recollida do lixo para que proceda.

- PREGUNTA-ROGO SOBRE A ILUMINACIÓN DO PARQUE DOS CONDES E AS FAROLAS EXISTENTES NA PASARELA DA GARDERÍA DA PONTE VELLA. (...)

“(…) rogámoslle que proceda á súa reparación o antes posible para facilitar o paso de peóns por este lugar, especialmente das persoas de maior idade.”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

As luces das pontes están como estiveron ata agora. Está en estudo a revisión das luces e tamén o consumo. A vontade é poñer en funcionamento as luces.

- ROGO SOBRE O ESTADO QUE PRESENTA A BEIRARRÚA DA RÚA CALVO SOTELO Á ALTURA DO NÚMERO 120. (...)

“(…) solicitamos que proceda á súa reparación para facilitar tanto o tránsito de peóns como de cadeiras de rodas ou carriños de bebés que a diario pasan por ela”.

**Resposta do Sr. Alcalde:**

A deterioración da beirarrúa é por obra de quen está facendo alí obras. Hai informes técnicos para a reparación por quen a deteriorou.

- PREGUNTAS SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS NA APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS DE 2017 E SOBRE O PROCESO SELECTIVO DAS PRAZAS VACANTES DE POLICÍA LOCAL.

(...)

1. En que estado se encontra a elaboración do proxecto de HUMANIZACIÓN E RENOVACIÓN INTEGRAL DA RÚA ESTRELA E RÚA DO CONDE, dende o cruce da Rúa Benito Vicetto ata a Gasolineira? Rogámoslle que nos ensine o proxecto antes da súa aprobación definitiva e posterior execución.

2. En que estado de elaboración se atopan as Bases para axudar a novos emprendedores e así favorecer a creación de postos de traballo?

3. Que ten pensado facer para resolver o problema da falta de prazas de gardería?

4. Cando estarán dispoñibles todas estas actuacións?

5. Por outra banda e unha vez que ten finalizado o proceso selectivo dun oficial de Policía Local queremos saber cando vai convocar o proceso selectivo para cubrir as prazas vacantes de axentes da Policía Local? Cantas prazas ten pensado convocar?”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

1. O proxecto estase rematando. Darémolo a coñecer co método do goberno anterior, que vostede coñece. A rúa Estrela é dende outro sitio, esa é Molinos de Antero.

2. Están elaboradas e remitidas á Xunta de Galicia por ser competencia impropia. Cando teñamos o visto e praxe –a Consellería xa nos pediu aclaración-, irá a aprobación da Xunta de Goberno Local.

3. Hai un borrador preparado para iso.

4. Cumpriremos co acordado, non lle quede ningunha dúbida.

5. O Oficial está pendente da Academia de Seguridade. O compromiso é sacar tres prazas de policía, se legalmente é posible. Estamos tamén pendentes dos orzamentos do Estado, non sei se hoxe xa quedaron aprobados no Senado. Tres, se podemos; e se non, dúas como mínimo.

- PREGUNTA SOBRE O CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

“(…) queremos saber cando vai ter lugar a apertura dos restantes sobres e así poder comezar o novo contrato de Servizo de Axuda no Fogar”.

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Está solicitada a documentación e se a empresa a cumprimenta, irá á Xunta de Goberno Local a proposta da Mesa de contratación.

**2º.- PREGUNTAS E ROGO PRESENTADOS POR ESCRITO POLO GRUPO DO PP AO COMEZO DA ANTERIOR SESIÓN.**

(Dna. Julia Rodríguez –portavoz do Grupo- formula sucesivamente os diversos rogo e preguntas. Están reflectidos na acta anterior. Aquí consta a concreción final de cada rogo ou pregunta).

- PREGUNTA SOBRE A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO ASCENSOR DA CASA DA CULTURA.

(...)

“1.- Cuales son las razones de la demora en la puesta en funcionamiento del ascensor de la Casa de la Cultura?”

2.- Cuándo va a estar disponible este ascensor para que las personas con discapacidad puedan hacer uso de él para acceder a la biblioteca municipal y a las aulas de la UNED?”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Este ascensor non leva anos, leva meses; son anos sen ascensor, que é diferente.

1. Houbo que poñer sistemas de aviso para o acceso á Biblioteca, ao compartilo coa UNED.
2. O problema resolverase na semana que vén.

- ROGO SOBRE O PROXECTO DE RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO URBÁN DAS RUAS STA. CLARA, A VEIGA, CHANTADA, JUAN MONTES E PADRE FEIJOO.

(...)

“Que por parte dos servizos de Intervención e pola Técnica de Servizos, se emitan informes relativos a si a obra que se pretende acometer pode estar no ámbito do obxecto do contrato de concesión para a xestión da auga potable e depuración suscrito con Aqualia S.A., que inclúe o mantemento das conduccións como unha das obrigas desta empresa, dado que se trata dunha reposición de conduccións previamente existentes, e si polo tanto sería procedente repercutirle o custe da mesma.”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Hai que ter en conta o artigo 173 do ROF. Debe solicitado segundo a lei e terá resposta.

- PREGUNTA SOBRE LAS HORAS DE SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO PENDIENTES DE ADJUDICACIÓN.

(...)

“- cuales son las razones de que no se esté haciendo uso del número de horas disponibles para el servicio de ayuda a domicilio, mientras existen personas que demandan este servicio y no se les da respuesta?”

- cuando se piensa regularizar esta situación?

- se ha contemplado en las bases de contratación del servicio, esta situación?”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

O que vostede afirma non é correcto. Segundo informe de Servizos Sociais, hai unha xestión semanal continua do servizo. O procedemento é o seguinte: o mércores á primeira hora da mañá

utilízase unha aplicación informática para isto –explica os programas que son-; pásanselles ás traballadoras sociais os expedientes dos primeiros da lista para que contacten coa familia; nun prazo de dez días, vai da traballadora social á Xunta de Goberno Local e o acordo desta á empresa que xestiona a prestación. Hai baixa no SIGAP co acordo da familia. En moitas dependencias, a curto prazo mántense o SIGAP. O número de horas a asumir é variable e flutúa constantemente. A xestión é semanal, pode haber agora 80 horas é á semana seguinte estar en negativo. Estes datos non son públicos, sacaríalos de algures. Ao programa SIGAP só accede a Xunta e a traballadora social, como vostede saca ese dato? Que dependa do Concello, non hai ningunha hora sen usar.

#### **4º.- ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POR REXISTRO POLO GRUPO DE ESPERTA MONFORTE O DÍA 26 DE XUÑO DE 2017.**

(A resposta queda para o próximo Pleno).

##### **- ROGO SOBRE SEGURIDADE EN EMERXENCIAS.**

###### **“Exposición de motivos.**

Recentemente tivemos noticia dun coche que ardeu en Piñeira, denunciaba o propietario ter chamado ao teléfono de emerxencias e que pasaron moitos minutos sen que ninguén o atendera.

Facendo memoria, lembramos como fai tempo coincidindo co traslado do servizo á Estrada, os traballadores do 112 denunciaron públicamente que o espazo acondicionado non tiña as condicións tecnolóxicas necesarias para un servizo áxil tal é imprescindible nun centro de urxencias.

Nesta semana, unha veciña me comunica que diante dunha situación sanitaria de urxencia tampouco tivera resposta do mencionado 112, e por iso que lle rogamos:

Faga as xestións necesarias con SERGAS e Consellería de Sanidade esixindo dar solución aos problemas que teñen a cidadanía sen unha seguridade diante dunha emerxencia.”

##### **- ROGO SOBRE OS PASOS A NIVEL.**

###### **“Exposición de motivos.**

Este grupo que traballa en beneficio de Monforte, quere poñer no seu coñecemento a denuncia que acabamos de recibir de veciños. Trátase do mal funcionamento das barreiras de seguridade de Renfe en Escultor Francisco Moure.

O problema é coñecido por ADIF pois ten pasado aviso aos maquinistas de tren para que presten atención ao dispositivo de aviso en caso de fallo para pasar a moi pouca velocidade e incluso parar dando preferencia aos peóns ou coches que podan pasar nese momento.

A seguridade das persoas non pode estar só en mans dunha persoa. Angrois é un lamentable exemplo, si as medidas de seguridade estiveran instaladas teríamos evitado esas mortes.

ADIF ten subcontratado este dispositivo a unha empresa privada, empresa que si cambia pezas pode carga porque así se contratou os gastos a ADIF.

Somos con diferenza o lugar de España con máis pasos a nivel o que de por sí xa indica o mal trato que estamos a recibir por parte de moitas administracións e por iso que lle rogamos:

Se dirixa a ADIF, esixindo o bo funcionamento de todas as barreiras de seguridade do noso Concello.”

##### **- PREGUNTA SOBRE AS TERRAZAS.**

“Como ben sabe existe unha normativa de uso do espazo público, terrazas...etc.

Estase facendo norma que cada verán teñamos que ler como veciños non poden recibir asistencia de urxencia por mor de estaren ateigados os espazos públicos con terrazas.

Entendemos e queremos que os hostaleiros dispoñan do espazo necesario para a súa actividade, pero nunca comprometendo a asistencia de urxencia.

Vimos de escoitar como o Sr. Alcalde remitiu unha carta a Asociación solicitando esta colaboración, feito que nos parece ben, entendendo que non se está a referir só a unha mera comunicación senón a unha advertencia de vixilancia e sanción en caso de incumprimento.

Para exercer dita vixilancia e preciso coñecer uns datos e por iso lle preguntamos:

- 1. Vai facer cumprir a normativa sen esperar a que ocorra algo irreparable?**
- 2. Cantas mesas ten autorizadas cada unha das cafeterías instaladas na Rúa Cardeal?**
- 3. No caso de que algunha delas exceda e ocupe espazo público non autorizado, procederá a facerlle cumprir a norma?**
- 4. Teñen licencia de uso de espazo público e polo tanto pagan todos os negocios que o están a utilizar?**
- 5. Que departamento deste Concello e o encargado da vixilancia de cumprimento desta normativa”**

- PREGUNTA SOBRE A PASARELA DO BARRIO DAS CRUCES CON CAMPO SOTELO.

**“Exposición de motivos.**

Como ben sabe este grupo ten presentado moción para o mantemento da pasarela do barrio das Cruces con Campo Sotelo.

Vostede dixo publicamente que dito mantemento correspondía a ADIF.

Por iso lle preguntamos:

1. Reclamoulle xa a ADIF o mantemento da pasarela?
2. Pódenos dicir que pensa facer o respecto.”

- PREGUNTA SOBRE RAMPLA DO CENTRO DE SAÚDE.

**“Exposición de motivos.**

O Centro de saúde da nosa cidade ten como e obrigatorio, un acceso na porta principal para persoas con mobilidade reducida.

Chama a atención o estado no que se atopa dita rampla, táboas levantadas outras bailando...vaia poñendo en perigo ou como pouco dificultando o andar precisamente ás persoas para as que se fixo dita rampla.

O mantemento desta infraestrutura por tratarse dun edificio público dependente do SERGAS posiblemente non o teña que costear o noso Concello pero en todo caso si ten a obriga de vixiar e solicitar o arranxo e por iso lle preguntamos:

- 1. Coñece vostede o estado da rampla do centro de saúde?**
- 2. Ten feito algo neste sentido, solicitado reparación ou calquera outra acción.”**

- PREGUNTA SOBRE O MERCADO DOMINICAL.

**“Exposición de motivos.**

Como sabe o mercado dominical séguese a celebrar sen normativa, a pesares das críticas e esixencias que vostede tivo co anterior equipo de goberno.

Hoxe despois de dous anos gobernando seguimos igual , parece ser que se esqueceu da importancia desta normativa que evitaría moitos problemas que se están a producir:

Por iso lle preguntamos:

- 1. Canto tempo máis vai necesitar para facer a normativa do mercado dominical?**

**5º.- PREGUNTA PRESENTADA POR REXISTRO POLAS/O NON ADSCRITAS/O O DÍA 23 DE XUÑO DE 2017.**

PREGUNTA SOBRE O ESTADO DA SEDE ELECTRÓNICA ANTES E DESPOIS DO 29 DE MAIO DE 2017.

“Despois de que no último pleno celebrado o pasado 29 de maio de 2017, onde se produciu un lamentable incidente entre o Sr.Alcalde e o Sr.Secretario, se comentase que a sede electrónica estaba ao servizo da Alcaldía queremos saber:

1. Quen era, antes do 29 de maio de 2017, a persoa ou persoas encargadas de controlar o Rexistro Telemático?
2. Quen é a persoa ou persoas que se encargan do Rexistro Telemático despois do día 29 de maio de 2017?
3. Sabemos que non son as mesmas persoas as que teñen a encomenda de controlar o Rexistro dixital antes e despois do 29 de maio de 2017, que actuacións levou a cabo o Sr.Alcalde para arranxar este problema?”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Rexistro do Concello só hai un. Con tres rexistros auxiliares: Intervención, Servizos Sociais e telemático.

1 e 2. Non é verdade que sexan persoas distintas. Son exactamente as mesmas.

3. Non é correcto. Pedín informes que explican como é o Rexistro e os medios técnicos instalados. Preguntaba se teño dado ordes ao Rexistro. “O Sr. Alcalde nunca deu instrucións sobre o Rexistro”, din os informes. De Cristina Prada Rey e de Ramón Pérez González. Tamén hai informe de Fernando Cao e de Myriam Castro de que o Rexistro Xeral está na planta baixa e de que non recibiron ningún tipo de instrucción por parte do Sr. Alcalde.

(Intervén a portavoz do PP en relación coa última pregunta do apartado 3º deste punto da orde do día e di que os datos da Axuda no Fogar foron feitos públicos polo Delegado nunha rolda de prensa. Responde o Sr. Alcalde que lle dirá ao Delegado que di cousas que non son certas).

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte e tres horas e trinta minutos do expresado día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.

O Alcalde,

